1

PLENARIO DE EN MAREA
27 DE OUTUBRO DE 2018

Emendante/s: María Casar, Bea Gómez, Héctor Vizoso e Dani Conde

Documento que se emenda: (Marcar cun *)

( ) Regulamento para o Plenario

(*) Tese política: Análise da situación e Eleccións Europeas de 2019

( ) Regulamento para Elección directa do Consello das Mareas e da Comisión de Garantías

Páxina/s: 1 Liña/s: 2

Tipo de emenda: (Marcar cun *)

( ) **Eliminación**
( ) **Substitución**
(*) **Engádega**

Texto da emenda:

ALIANZAS PARA UN CENARIO DE RUPTURA

A liquidación das políticas sociais e dos dereitos laborais practicada como remedio neoliberal á crise financeira ten provocado a politización de amplas capas sociais que foron desposuídas ou se senten ameazadas. A coincidencia temporal da crise financeira e económica coa das institucións autonómica galegas, Réxime da Restauración e institucións europeas incapaces de responder ás necesidades cidadás e ao servizo exclusivo das elites financeiras, ampliou coma nunca a conciencia de fraude da Transición Española que non foi quen de acoller a realidade plurinacional do EE nin de garantir o control cidadán sobre as institucións políticas.

A imprescindíbel organización da resposta política, for das organizacións vellas ou da tentativas de novas fórmulas, é obvio que hoxe atópase nun impas e de seguirmos así insuficiente para a derrota electoral do réxime. No que respecta a Galiza hai risco de que quede ausente do proceso de reforma constitucional ou de ruptura democrática e non sexa quen de garantir o exercicio libre e democrático dos dereitos individuais e colectivos da cidadanía galega.

A distancia entre a conciencia social e a expresión política segue a ser abismal. As tentativas aglutinadoras da cidadanía teñen resultado por agora insuficientes. A ilusión

xerada polo 15M, AGE no seu dia, candidaturas cidadáns -e mesmo a propia EM-, está sendo revisada por amplos sectores dos seus apoios iniciais sobre a súa validez. Dar resposta e reilusionar é unha tarefa urxente.

Hai oportunidades se somos quen de identificar os obxectivos políticos mínimos precisos para dar unha resposta eficaz ás demandas da maioría social galega cunha formación social ben diferente das que conforman esa maioría social en Cataluña, Euskadi ou España en sentido estrito.

A vitoria electoral sobre o réxime só será tal se os partidos do réxime e as derivadas ultraliberais e chauvinistas españolas reorganizadas en Ciudadanos ou Vox, sen esquecer o PP, son derrotados conxuntamente. A oportunidade de democratización existe pero tamén pode dar no trunfo do neofascismo baixo outras expresións políticas. O conxunto de reformas legais encamiñadas a reforzar a vertente represora do estado e o recorte de liberdades son un anticipo do neofascismo ao que nos arriscamos. O cambio de Goberno do Estado coa moción de censura abre novas expectativas na cidadanía que non podemos defraudar .

A conciencia de que Galiza é unha nación dependente e sometida a decisións económicas e políticas que se toman contra a maioría social en centros de decisión alleos, é cada vez maior.

Os obxectivos que poden concitar o apoio dunha maioría social agredida en Galiza son: a ruptura democrática co réxime decrépito e a ditadura da oligarquía financeira; a democratización do aparello xurídico–político co dereito de Galiza a decidir; a inmediata ruptura coas políticas de liquidación dos dereitos sociais, e recuperación das competencias e capacidades da Xunta e municipios para facer políticas sociais que non poden agardar.

Na Galiza apartar o PP do Goberno da Xunta é perentorio, por iso, EM debe insistir na unidade de acción da esquerda rupturista, soberanista ou non, pero que respecte os nosos dereitos nacionais. Isto é posíbel pero temos que nos convencer de que hai que abandonar vellas fórmulas, cando o cambio político está na conciencia social no primeiro plano, non se poden gastar enerxías máis que nos acordos para cambiar o réxime.

En EM estamos convencidas de que Galiza non está condenada a seguir eternamente sometida.

INTERVIR NOS ESPAZOS AO NOSO ALCANCE

A colaboración, a xenerosidade e a humildade das organización políticas que honestamente pretenden servir a Galiza e ás galegas e galegos pode ser o camiño para conquerir que a cidadanía galega poda exercer realmente o poder democrático.

No contexto europeo conflúen varias das encrucilladas ás que a Humanidade se enfronta a nivel global: a crise ecolóxica, as tensións xeopolíticas entre potencias rexionais - alimentadas polas exportacións de armamento europeo -, as migracións internacionais, consecuencia das anteriores e do desigual reparto da riqueza no mundo, xunto coa incapacidade da UE para actuar cun perfil internacional propio e coa vontade de manter o

en marea
enmarea.gal

1

seu carácter antidemocrático impoñendo aos Estados o adelgazamento do sector público, contribuíndo ao ascenso de movementos de corte fascista, disfrazados de soberanistas.

Ao tempo, os cambios no modelo produtivo e no concepto de traballo que conlevará a robotización e os avances tecnolóxicos no eido da información e biotecnoloxía fan **avanzar debates como o da Renda Básica Universal**, formulación que, na base, recolle a idea de non vincular os dereitos sociais ao traballo.

Así, fronte aos retos e ás barbaries de distinto signo, cómpre unha alianza progresista no continente europeo, tamén cara as vindeiras eleccións ao PE, que as forzas de extrema dereita van aproveitar para avanzar posicións nos respectivos Estados. Por iso, En Marea debe activar inmediatamente unha axenda política internacional, a nivel do Estado español e da UE, contactando coas forzas políticas e movementos sociais progresistas das distintas nacións.

Explicación da emenda:

3

O propio texto é abondo explícito do que se pretende engadir á tese: unha introdución de política estratéxica que vemos necesaria.